Xefa de departamento de orientación	Tamara Jiménez Quirós
Titora 3º E.P.	María Pilar Facal Maroñas

3.7. Atención ás necesidades educativas

O Departamento de Orientación traballará coordinadamente cos/as titores/as e profesorado especialista para determinar as actuacións de atención. As actividades a realizar polo Departamento de Orientación e o Plan de acción tutorial figuran nos anexos da súa correspondente programación.

O centro conta con dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, unha para E.I. e E.P e outra para ESO. Cóntase, ademais, cunha especialista en Audición e Linguaxe para dar apoio ó alumnado con dificultades asociadas á linguaxe oral e escrita.

EDUCACIÓN PRIMARIA

En Educación Primaria vanse impartir os seguintes Reforzos Educativos:

Nivel	Apoio	Profesor/a	Alumnos c/apoio	Apoio grupal dentro aula	Apoio individual fora da aula
1º EP	Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas e Aptitudes básicas e cognitivas	David Pazos Lago	0	0	0
2º EP			1	1	0
3º EP			1	1	0
4º EP			1	1	0
5º EP			2	2	0
6º EP			0	0	0

Nivel	Apoio	Profesor/a	Alumnos c/apoio
6º EI	Audición e linguaxe	María Dolores Eirín	2
1º EP		Nemiña	3

2º EP			1
3º EP			2
4º EP			0
5º EP			2
6º EP			1

O alumnado de Audición e Linguaxe poderá recibir apoio individual fóra da aula.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

En 1º de ESO hai un/ha alumno/a exento/a de francés. Recibe clases de reforzo en lingua, lingua e matemáticas fóra da aula coa PT de ESO.

En 2º e 4º de ESO hai un total de 5 alumnos/as que reciben apoio e reforzo en diversas materias dentro da aula por parte da PT e profesorado con dispoñibilidade horaria.

4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

4.1. TRANSPORTE ESCOLAR

Hai dous cursos o servizo de transporte escolar pasou a depender da Consellería de Mobilidade, polo que tanto as rutas coma as paradas poderían sufrir algúns cambios. O servizo é realizado por dúas empresas, que fan un total de 8 rutas segundo consta na aplicación de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

AUTOCARES FACAL S.L.	
Ruta	Paradas
1	Baizana, Artón, Vilar, Sandrexo, Cruce de Tines, Saconde, Pazos, Quintáns.
2	Agra 1, Agra 2, Mira (Ventoselo), Gontalde, Vilaestevez, Quintáns, Sixto, Parga, Vilar Ramiro, Budián, Sobreira.
3	Zas 2, Vilar do Mato, A Costa, Rial de Abaixo, Rial de Arriba.
4	Zas 1, Follente, Rosende, Teixidón, Pedramaior, Carreira, Cruce Sixto, Sobreira, Nantón.
5	Andragalla, Penedo, Vilachán, Gomarís, Lamas, Braña 1, Braña 2, O Regenco, Vermello, As Pereiras.

AUTOCARES LÓPEZ	
Ruta	Paradas
6	Marola, Romelle, Loroño 1, Loroño 2 (A Vicenta), Treviño, Roma, Fonte, Churia, Vilar de Lamas
7	Rus 1, Rus 2, Rus 3, Meanos, Langueirón, Vila, San Martiño, Froxán

8	San Adrián de Castro, Devesa, Langueirón, Fonte-Espiño, Pedra-Padreiro, Campos, Abellas, Couto, O Vilar, A Toxa
----------	---

Todas as rutas teñen coidador/a para os nenos/as durante este curso.

A maioría dos 135 alumnos/as do centro son usuarios do servizo de transporte pola mañá e pola tarde.

Debido á modificación do horario do centro, aprobada pola Xefatura Territorial, quedaron eliminadas as rutas de transporte de mediodía.

4.2. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Neste curso, coma nos pasados, no servizo de comedor de xestión directa as tarefas propias do persoal colaborador (vixilancia e atención aos nenos/as comensais) son feitas por nais e outros membros da comunidade educativa.

O comedor funciona en dúas quendas:

12:50-14:25 horas	Xantan o alumnado de E. Infantil e E. Primaria
14:55-15:55 horas	Xantan o alumnado de E. Secundaria

A raíz da modificación horaria do Centro, e das consecuencias directas sobre as rutas de transporte a mediodía, case todos os alumnos e alumnas do Centro son usuarios do servizo de comedor escolar. Non son usuarios algúns alumnos e alumnas de E.I. e de E.P. que viven bastante cerca do Centro ou que por algún motivo prefiren non quedar no comedor escolar. No caso de E. Secundaria, a case totalidade do alumnado xanta no comedor xa que non teñen tempo para ir ás súas casas os luns e o resto da semana saen bastante tarde para despois da ruta en autobús chegar a comer as súas casas a unha hora axeitada. En total, só 4 alumnos/as de entre os tres niveis non fan uso do servizo de comedor.

De luns a venres o comedor funciona en dobre quenda: a primeira con alumnos/as de E. Infantil e Primaria e a segunda con alumnos/as de E.S.O. En total colaboran 14 persoas ao día, xa que por mor da pandemia a Consellería autorizounos a aceptar catro colaboradores/as de comedor máis (que agardamos poder manter neste curso 22/23), facendo un total de dez nais colaboradoras ás que lle hai que sumar as tres traballadoras de persoal de cociña máis a encargada de comedor.

LUNS- VENRES	Nivel	Nº de alumnos	Nº de colaboradores
1º Quenda 12:50- 14:25 horas	E. Infantil		
	<i>Persoal colaborador</i>	28	3
	E. Primaria		
	<i>Persoal colaborador</i>	59	4

2º Quenda 14:55- 15:55 horas	E.S.O.		
	<i>Persoal colaborador</i>	44	3
	<i>Persoal laboral de cociña</i>		3
	<i>Encargada de comedor</i>		1
	Total	131	14

COLABORADORES EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º Quenda 12:50- 14:25 horas	Estefanía Vázquez Rodríguez	Estefanía Vázquez Rodríguez	Estefanía Vázquez Rodríguez	Estefanía Vázquez Rodríguez	Estefanía Vázquez Rodríguez
	Susana Riveiro Caamaño	Susana Riveiro Caamaño	Susana Riveiro Caamaño	Susana Riveiro Caamaño	Susana Riveiro Caamaño
	Carolina Diz Pereiras	Carolina Diz Pereiras	Carolina Diz Pereiras	Carolina Diz Pereiras	Carolina Diz Pereiras
	Raquel Souto González	Raquel Souto González	Raquel Souto González	Raquel Souto González	Raquel Souto González
	Dolores Alvite Antelo	Dolores Alvite Antelo	Dolores Alvite Antelo	Dolores Alvite Antelo	Dolores Alvite Antelo
	María Jesús Caamaño Conde	María Jesús Caamaño Conde	María Jesús Caamaño Conde	María Jesús Caamaño Conde	María Jesús Caamaño Conde
	María del Carmen Caamaño Túñez	María del Carmen Caamaño Túñez	María del Carmen Caamaño Túñez	María del Carmen Caamaño Túñez	María del Carmen Caamaño Túñez

COLABORADORES EDUCACIÓN SECUNDARIA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
2º Quenda 14:55-15:55 horas	Mª Jesús Mata Rivas*	Mª Jesús Mata Rivas	Mª Jesús Mata Rivas	Mª Jesús Mata Rivas	Mª Jesús Mata Rivas
	María Varela Novoa	María Varela Novoa	María Varela Novoa	María Varela Novoa	María Varela Novoa
	Mirela Ismana	Mirela Ismana	Mirela Ismana	Mirela Ismana	Mirela Ismana

* Mª Jesús Mata Rivas deixa de ser colaboradora proximamente. Na súa vez incorporárase María Carmen Antonio Barreiro.

Exerce as funcións de encargada de comedor María Dolores Vila Rodríguez, profesora do centro.

NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO E COMPORTAMENTO NO COMEDOR

Estas normas foron revisadas o curso pasado e aprobadas polo Consello Escolar para este curso 22/23.

O coidado e o respecto pola saúde é un dos valores fundamentais e prioritarios que se ten que marcar o noso Centro polo que consideramos que o momento do comedor proporciona un horario moi aproveitable para intentar crear hábitos alimentarios e

persoais, ademais de contribuir á organización da vida familiar e, como tal, debe marcarse uns obxectivos:

- 1.- Promover e desenvolver hábitos alimentarios saudables.
- 2.- Garantir unha dieta que favoreza a saúde.
- 3.- Promover hábitos hixiénicos saudables.
- 4.- Desenvolver o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.
- 5.- Conseguir un entorno físico e social saudable.

Por todo isto é necesario fixar unhas actitudes e normas ante a propia persoa e en relación coas demais, seguindo sempre as instrucións dos dous protocolos xa mencionados arriba:

- Cando toque o timbre, todos os alumnos baixarán en orde e silencio ata o vestíbulo de entrada. Nese momento deberán aproveitar para ir aos baños para facer as súas necesidades e lavar as mans.
- A continuación, situaranse en filas por clases e irán entrando ao comedor de menor a maior idade, seguindo as indicacións do persoal colaborador.
- Cada alumno/a ocupará durante todo o curso o sitio que lle sexa asignado o primeiro día polo encargado/a de comedor.
- O persoal colaborador será o encargado de pasar cos carros e irá deixando as fontes de comida en cada mesa. Os/as alumnos/as non se levantarán do seu sitio.
- Os desperdicios serán depositados en contedores diferentes para orgánicos, papeis e plásticos.
- No caso de comida sobrante, seguiremos as indicacións da Instrución 3/2017 da Secretaría Xeral Técnica, pola que se establecen directrices e recomendacións respecto da comida sobrante nos comedores de xestión directa existentes nos centros de ensino público dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4.1. Dentro do comedor os alumnos deberán ter un comportamento axeitado:

- a. O alumnado deberá asistir ó comedor, igual que ó centro educativo, ca máxima hixiene persoal posible e cun certo decoro na súa forma de vestir evitando entrar espido, os pantalóns e saias moi curtas ou procurando en todo momento que a roupa interior quede tapada pola de vestir.
- b. Non está permitido levantarse sen permiso.
- c. Durante o tempo do xantar, o alumnado non deberá levantarse ao baño a non ser por causa de indisposición urxente ou enfermidade crónica e sempre co permiso e a vixilancia dalgunha persoa colaboradora.
- d. Non se debe elevar o volume de voz.
- e. Non se deben realizar actos que atenten contra os mínimos decoros ao xantar: sentarse incorrectamente, cuspir a comida, botarllela aos compañeiros, comer ca boca aberta a propósito, etc.
- f. Respetarán o material dos compañeiros/as así como o mobiliario e menaxe do comedor.
- g. Non deberán desperdiciar nin facer mal uso da comida que se lles serva.

- h. Deberán comer de todo, tanto primeiro como segundo prato, así como a sobremesa, adecuando a cantidade a súa idade. Se un prato non gusta moito, servirase menos cantidade.
- i. Cando un comensal se negue a probar o primeiro prato, non se lle servirá o resto da comida. Esta norma só se aplicará ao alumnado a partir do 3º ciclo de E. Primaria.
- j. Poderán traer da casa cepillos de dentes para facer uso del unha vez rematen de xantar.
- k. Non está permitido usar os teléfonos móbiles. As persoas colaboradoras requisarán os teléfonos a quen estea a facer uso deles.
- l. Calquera tipo de comportamento asocial (accións antihixiénicas, menosprezo, desobediencia, insulto, agresión física) contra os/as compañeiros/as ou contra o persoal laboral e colaborador será considerado unha falta grave.
- m. Todo tipo de comportamento impropio será denunciado por parte do persoal colaborador que haxa no Comedor e haberá unha notificación escrita ou oral para a casa da sanción que se decida aplicar por parte da dirección reunida co/a encargado/a de comedor.
- n. As sancións, revisadas e aprobadas polo Consello Escolar o 15 de setembro de 2022, quedan establecidas mediante o seguinte baremo:

TIPO DE FALTA	SANCIÓN	
Comportamento inadecuado ao xantar	1ª vez	1 día sen saír ao patio.
	2ª vez	5 días lectivos sen saír ao patio.
	3ª vez	10 días lectivos sen saír ao patio.
	4ª vez e seguintes	Expulsión de 2 días lectivos do centro escolar.
Menosprezo, desobediencia, insulto ou vexación	1ª vez	5 días lectivos sen saír ao patio.
	2ª vez	10 días lectivos sen saír ao patio.
	3ª vez e seguintes	Expulsión de 2 días lectivos do centro escolar.

Agresión física	1ª vez	Expulsión entre 2 e 10 días lectivos do centro escolar. Posibilidade de apertura de expediente disciplinario.
	2ª vez e seguintes	Expulsión de entre 5 días e 1 mes do centro escolar. Apertura de expediente disciplinario.

4.2. No lecer:

- As mesmas normas de comportamento deberán observarse unha vez abandonado o comedor e mentres dure o tempo de lecer.
- Unha vez rematado o xantar, os/as alumnos/as sairán aos patios ou ó espazo onde lles indique o persoal colaborador quedando sempre baixo a súa vixilancia e supervisión e cumprindo as normas de cada estancia.
- O alumnado so acudirá aos baños situados na planta baixa ou no ximnasio. Unha persoa da quenda de vixilancia deberá controlar esta entrada.
- Os alumnos e alumnas de E. Infantil permanecerán no seu patio vixiados por un/unha coidador/a. Nos días de chuvia terán preferencia sobre o outro alumnado do centro e quedarán dentro.
- Prohíbese a práctica de xogos perigosos, isto é, aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.
- Na relación entre compañeiros e compañeiras, evítanse os insultos, agresións ou coaccións, especialmente cos máis pequenos.
- No patio non se tirarán papeis, cáscaras ou restos de calquera outra cousa ó chan.
- Para xogar ao fútbol empregaranse preferentemente os campos de terra. En ningún caso se poderá xogar ao fútbol no patio cuberto.
- Está prohibido subirse ás diversas porterías que hai no patio.
- Os alumnos NON PODERÁN SAÍR DO CENTRO sen autorización ESCRITA dos seus pais/nais ou titores legais, que deberá ser entregado en Secretaría e ao persoal encargado do servizo.
- O alumnado de E. Infantil e E. Primaria deberá ser puntual ao seu regreso ás clases e o persoal colaborador velar para que se cumpra esa puntualidade.

O SERVIZO:

Haberá o número de persoas colaboradoras suficientes tal e como recolle a Orde do 21 de febreiro de 2007.

Os alumnos/as deberán entender que as persoas colaboradoras do comedor escolar son as responsables durante ese tempo, de tal maneira que respectarán e obedecerán as súas indicacións.

As funcións do persoal relacionado co comedor (laboral, colaborador, encargado, director) aparecen recollidas nos art. 8, 9, 10 e 11 da devandita Orde do 21 de febreiro de 2007.

Desde o servizo de comedor todos os meses se proporcionarán ás familias os menús mensuais, tendo en conta que poderían haber algunhas modificacións en función das circunstancias.

As dietas especiais deberán ser xustificadas documentalmente con informe médico por parte dos pais diante do Consello escolar.

Notificarase o importe do pagamento nos 5 primeiros días naturais de cada mes e farase o ingreso indicado nos impresos de pago xerados pola aplicación de comedores entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo en calquera entidade colaboradora, entregando a copia xustificativa correspondente no Centro.

O incumprimento no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirá a utilización ao mes seguinte do comedor escolar mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses. Se non, poderá ser sancionado coa perda de praza.

As contías serán actualizadas ao inicio de cada curso en función das instrucións da Consellería de Educación.

Os/as usuarios/as do servizo do comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9:45 do día que deber ter efecto poderán ser suspendidos pola Dirección do centro do dereito ao uso do servizo durante 10 días.

Os/as usuarios/as que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada causarán automaticamente baixa no servizo agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a Dirección do centro.

A lexislación aplicada é a seguinte:

- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo do comedor escolar.

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, por el que se regulan los comedores escolares de los centros docentes públicos no universitarios dependientes de la Consellería con competencias en educación.
- Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-2023.

5. PLAN DO CURSO 2022/2023

5.1. Concreción do proxecto lingüístico

Coa finalidade de asegurar o equilibrio lingüístico, as materias serán impartidas segundo o proxecto lingüístico de centro, que foi revisado en xuño de 2022, e que estará vixente ata o 2026, aínda que no vindeiro curso haberá que revisalo por mor da entrada en vigor da LOMLOE para todos os cursos.

5.2. Programa de formación do profesorado no centro

Neste curso 2022-2023 seguiremos co plan de formación permanente do profesorado.

Neste curso seguiremos coas dúas liñas de traballo que comencamos o curso pasado: “Patios Inclusivos”, e “Plan Dixital de Centro”. (Ver *RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2022/23*).

Neste plan de formación van participar a metade dos membros do claustro aproximadamente.

5.3. Seccións bilingües

Xa levamos varios cursos sen Sección Bilingüe. Agardamos que se poida retomar nos vindeiros cursos.

5.4. Plans e Programas

Plan Proxecta

Este curso temos solicitado tres plans: "Donas de Si"(para todos os cursos e niveis), "Rede de Eco Hortos Escolares"(para EP e ESO) e "Aliméntate Ben"(para EI, EP e os tres primeiros cursos de ESO).

Este é o segundo curso consecutivo que solicitamos o plan proxecta "Aliméntate Ben", xa que tivo moito éxito entre o alumnado e o profesorado.

PLAMBE

O noso centro segue a participar no PLAMBE, que xa se iniciou hai varios anos, ao igual que no programa de Biblioteca Inclusiva.

Club de Lectura

Este curso tamén imos solicitar este club para seguir fomentando o hábito e o pracer da lectura no noso alumnado. O tema deste curso é astronomía, e virá unha escritora dar charlas ao alumnado.

Contratos Programa

Este é o primeiro curso no que imos solicitar Contratos Programa.

Os solicitados son : Emocióna-T, Inclúe-T e Iguála-T. Todos eles pretenden mellorar as competencias socioemocionais de toda a comunidade educativa.

Voz Natura

Outra das novidades deste curso é a participación en Voz Natura. O obxectivo é pór a funcionar o horto escolar.

5.5. Pautas sobre o uso das tarefas extraescolares

Polo que respecta a pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares en E. Primaria, o habitual é que teñan que levar para casa algunha ficha/tarefa pendente de rematar ou repasar/estudar para preparar algunha proba.

5.6. Avaliacións individualizadas

Polo que respecta a este punto, non temos datos significativos no referente ás avaliacións individualizadas xa que nestes últimos anos non se presentou ningún/ha alumno/a ou como moito un/ha, dada a oposición que amosan as familias ante dita proba xeralmente alegando a curta idade dos seus/súas fillos/as.

5.7. Calendario e avaliacións

O calendario escolar axustarase ó disposto na *ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O claustro acordou que **o periodo de adaptación para 4º de Educación Infantil** fose desde o día 8 ata o día 13 de setembro ámbolos dous inclusive.

VACACIÓNS E FESTIVOS

Data de inicio das clases: 8 de setembro en todos os niveis.

Vacacións de Nadal: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

Entroido: os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.

Semana Santa: desde o día 3 ata o día 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

Festivos: 12 de outubro (Día do Pilar), 31 de outubro (Día do Ensino), 1 de novembro (Día de todos os Santos), 6 de decembro (Constitución), 8 de decembro (Día da Concepción), 25 de decembro (Nadal), 1 de xaneiro (Aninovo), 6 de xaneiro (Día de Reis), 6 e 7 de abril (Xoves e Venres Santo), 1 de maio (Festa do Traballo), 17 de maio (día das Letras Galegas).

Días solicitados polo Consello Escolar:
5 de decembro e 20 de marzo

Data de remate das clases: 21 de xuño en EI, EP e ESO.

CONMEMORACIÓNS

(Artigo 8 da Orde do 20 de maio de 2022, polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia):

1º Trimestre:

20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.

25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

2º Trimestre:

Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.

30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.

8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.

15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

3º Trimestre:

1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.

7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.

Entre o 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.

2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso

Escolar.

9 de maio de 2023: Día de Europa.

Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.

5 de xuño de 2023: Día Mundial do Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

A proposta aprobada pola C.C.P. (celebrada o 28 de setembro de 2022) para facer as xuntanzas de avaliación foi a seguinte:

E. INFANTIL e E. PRIMARIA

AVALIACIÓN INICIAL

17 de Outubro (luns)	5º e 6º de E.Primaria
18 de Outubro (martes).....	1º e 2º de E.Primaria
19 de Outubro (mércores).....	4º, 5ºe 6º de E.Infantil
20 de Outubro (xoves).....	3º e 4º de E.Primaria

1ª AVALIACIÓN

12 de Decembro (luns)	5º e 6º de E.Primaria
13 de Decembro (martes).....	1º e 2º E.Primaria
14 de Decembro (mércores).....	4º, 5ºe 6º de E.Infantil
15 de Decembro (xoves).....	3º e 4º E.Primaria

2ª AVALIACIÓN

16 de Marzo (xoves)	1º e 2º de E.Primaria
21 de Marzo (martes).....	6º e 3º deE.Primaria
22 de Marzo (mércores).....	4º, 5ºe 6º de E.Infantil
23 de Marzo xoves).....	5º e 4º de E.Primaria

3ª AVALIACIÓN

12 de Xuño (luns)	5º e 6º de E.Primaria
13 de Xuño (martes).....	1º e 2º E.Primaria
14 de Xuño (mércores).....	4º, 5ºe 6º de E.Infantil
15 de Xuño (xoves).....	3 º e 4º E.Primaria

Entrega de notas: mércores 21 de xuño

Reclamacións: xoves 23 e luns 26 de xuño.

Resolucións: Segundo as instrucións de Consellería.

ESO

Avaliación Inicial:

1º, 2º, 3º e 4º

Mércores, 28 de setembro

1ª avaliación:

2º, 3º, 4º, 1º

Mércores 30 novembro 2022

Entrega de notas

Venres 02 decembro 2022

2ª avaliación:

3º, 4º, 1º, 2º

Mércores 22 marzo 2023

Entrega de notas

Venres 24 marzo 2023

3ª avaliación:

4º, 3º, 2º, 1º

Mércores 07 xuño 2023

Entrega de notas:

Venres 09 xuño 2023

Avaliación Final:

4º, 3º, 2º, 1º

Luns, 26 xuño 2023

Entrega de notas:

Martes, 27 de xuño 2023

Reclamacións:

Mércores 28 e xoves 29 xuño 2023

Resolución:

Segundo as instrucións da Consellería

5.8. Concreción do plan anual de convivencia

En canto ó Plan de convivencia do centro, consideramos prioritarias as seguintes liñas de actuación:

1. Actualización do Plan de convivencia do centro a cargo da Comisión de convivencia (protocolos de actuación en caso de conflitos, protocolo da aula de convivencia...)

2. Presentación e difusión do Plan de convivencia do centro a toda a comunidade educativa.

3. Desenvolvemento de actividades específicas a través do Plan Director para a convivencia ou grazas á colaboración de profesionais e especialistas alleos ó centro que imparten charlas ou talleres.

4. Establecemento dun clima de aula axeitado que favoreza unha actitude positiva cara o traballo.

5. Difusión de materiais de interese para a comunidade educativa, especialmente para o alumnado e as súas familias: NOF, técnicas de estudo, convivencia, saúde, sexualidade...

6. Mellora das comunicacións familia/centro en prol dunha boa educación e formación integral para o alumnado.

7. Participación en diversos programas como o Plan Proxecta ou en actividades lúdicas e de convivencia que facilitan e propician a relación entre o profesorado e o alumnado de todas as etapas e cursos.

8. Dinamización das Xuntas de Delegados/as.

5.9. Plan de Igualdade

O Plan de Igualdade redactouse hai dous cursos segundo a Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

O plan é obxecto de continua revisión e adaptación ao contexto do noso centro e a nosa entorna.

5.10. Proxectos e programacións

Os diferentes proxectos como os da biblioteca (Proxecto de biblioteca, Plan anual de lectura, Proxecto lector, Mochilas Viaxeiras), o de fomento do uso do galego, o Plan de integración das TIC, o Plan de Igualdade... e as diversas programacións didácticas dos cursos pares de E.I., E.P. e ESO xa foron achegadas á Inspección Educativa, e as dos cursos impares serán achegadas no vindeiro mes de novembro. Unha vez aprobadas por Inspección Educativa, serán engadidas á PXA como anexos.

5.11. Orzamento

INGRESOS 2022	
GASTOS FUNCIONAMENTO ESO	18.608,00
PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL	262,45
CLUB DE LECTURA	800,00
REMANENTE 2021	45.301,19
TOTAL	64.971,64

PREVISIÓN DE GASTOS 2022	
AULAS E DEPARTAMENTOS (14%)	9.096,04
BIBLIOTECA (8%)	5.197,73
SUBMINISTROS E GASOIL (30%)	19.491,49
EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E AUDIOVISUAL (10%)	6.497,17
TRANSPORTE (12%)	7.796,59
REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN (18%)	11.694,89
OUTROS GASTOS (8%)	5.197,73
TOTAL	64.971,64

Presentada ante o Consello Escolar, en Zas, a 18 de outubro de 2022.

Asdo.: María de las Mercedes Garrido Aláez

